



## RESOLUCIÓN DECANAL DO 5 DE MAIO DE 2017 POLA QUE SE CONVOCA 1 BOLSA PARA ESTUDANTES DO GRAO EN ADE E TURISMO DA FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO DE OURENSE PARA PARTICIPAR NO BREMERHAVEN INTERNATIONAL SUMMER SCHOOL 2017.

No marco do convenio de cooperación entre Hochschule Bremerhaven. University of Applied Sciences de Alemaña coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo, Campus de Ourense

### ESTE DECANATO RESOLVE:

**Primeiro.-** Convocar 1 bolsa destinada a sufragar parte dos custos para a participación no Bremerhaven International Summer School 2017, que se celebrará del 3 al 17 de agosto de 2017 en Bremerhaven. O importe total da bolsa é de 1.950.- €

**Segundo.-** Pode solicitala aqueles alumnos matriculados no Grao en ADE ou no grao en Turismo na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo, Campus de Ourense, mediante solicitude dirixida á Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense) e no prazo que abrangue dende o **día 8 ó 12 de maio de 2017**, entregándoa na Secretaría de Decanato da facultade. Tamén pode ser remitida por correo electrónico ó enderezo: [secretario.eto@uvigo.es](mailto:secretario.eto@uvigo.es)

**Terceiro.-** Os criterios a ter en conta para a adxudicación das axudas serán:

- Nota Media expediente académico: máx 2 puntos.
- Nota Media na materia de inglés nos estudos de grao/certificacións oficiais de nivel: máx 2 puntos.
- Asistencia as edicións da International Week: 0'5 puntos/edición
- Entrevista persoal: máx. 5 puntos.

**Cuarto.-** As listas provisionais de adxudicación faranse públicas nos taboleiros da Facultade, dentro dos 15 días hábiles seguintes ó remate da convocatoria.

As mesmas poderán ser reclamadas perante a Presidenta da Comisión Avaliadora, no prazo de 3 días hábiles contados a partir da data de publicación.

As listas definitivas faranse públicas no mesmo lugar xa indicado, dentro dos 15 días hábiles seguintes ó remate do prazo de parágrafo anterior e poderán ser recorridas de acordo co disposto no artigo 107 da Lei 4/99 do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro).

**Quinto.-** Constitúese unha Comisión de Avaliación e Seguimento presidida pola Decana da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, da que serán vogal 1 profesor/a da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo de Ourense, actuando como secretaria a Vicedecana de Relacións Internacionais.

**Sexto.-** Delégase na presidenta da Comisión de Avaliación e Seguimento a resolución de tódolos actos, procedementos e incidencias que se deriven da presente convocatoria,.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso perante a xurisdicción contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Ourense, 5 de maio de 2017  
A DECANA

Elena Rivo López



## SOLICITUD BOLSA

Nombre y apellidos: .....

DNI: .....

Teléfono de contacto: ...../.....

Domicilio: .....

Código Postal: ..... Municipio: .....

Provincia: .....

Estudios que realiza: ..... Curso: .....

Nota media expediente académico do grao: .....

Nota media de inglés en los estudios de grado/certificaciones oficiales de nivel.....

Número de semanas internacionales a las que asistió: .....

En Ourense, a ..... de mayo de 2017

Fdo.: .....

Entregar en Secretaría de Decanato o por correo electrónico a: [secretario.eto@uvigo.es](mailto:secretario.eto@uvigo.es)